



A XUNTA ADQUIRE POR 1,6M€ DÚAS NOVAS SALAS DE HEMODINÁMICA PARA O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO

- *Os novos equipos, que substituirán aos actuais, van destinados ao servizo de cardioloxía para o intervencionismo coronario e estrutural*
- *En total, este ano tense investido máis de 12 millóns de euros na dotación de equipos de alta tecnoloxía: 5 TACs; 2 Resonancias Magnéticas; 1 PET-TC; 1 equipo de Radioloxía Vascular e 3 gammacámaras*

Vigo, 15 de decembro de 2022. A Xunta de Galicia ven de adxudicar os contratos para adquirir dous novos equipos de hemodinámica para o Hospital Álvaro Cunqueiro. Esta nova dotación tecnolóxica supuxo un investimento de 1.675.286 millóns de euros, canalizados a través dos fondos Next Generation da Unión Europea.



Trátase de equipos de última xeración e de altas prestacións, que virán a substituír a 2 actuais.

O servizo de Cardioloxía do Álvaro Cunqueiro conta con 3 equipos de Hemodinámica dedicados ao intervencionismo coronario e estrutural, que abarca unha serie de procedementos para as cardiopatías conxénitas e adquiridas, nas que se inclúen as enfermidades valvulares, obstrucións arteriais e venosas, etcétera.... Este servizo realiza uns 2.000 procedementos diagnósticos e terapéuticos anuais.



12 millóns en alta tecnoloxía

En total, este ano lévase realizado un investimento de 12,2 millóns de euros para adquirir equipos de alta tecnoloxía.

Así, ademais das 2 salas de hemodinámica tense renovado 5 TACs por un importe de 3,2 M€; 2 Resonancias Magnéticas, por 2,6 M€; 1 equipo PET-TC, adxudicado por 2,5 M€; 1 equipo de Radioloxía Vascular, adxudicado por 592.900€; e 3 gammacámaras por 2 M€.

A incorporación destas novas dotacións tecnolóxicas permitirá seguir implementando novas técnicas e procedementos diagnósticos para avanzar na mellora da calidade asistencial ofertada na Área Sanitaria de Vigo.

